

ACTA 12/20

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE SETEMBRO DE 2020 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e catro minutos do día 21 de setembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Argibay da Silva

**Arquitecto:** D. Ignacio Soto González

**Secretaria acctal.:** D.<sup>a</sup> María Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (Nº 803/2020) DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.<sup>a</sup> IRIA OTERO ROMERO E D.<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ.**

- 2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 23/2019.**
- 3.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 10/2020.**
- 4.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**
- 5.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS A D.<sup>a</sup> VICTORIA PIÑEIRO VIDAL.**
- 6.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 7.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN “SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020)”.**
- 8.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN “REURBANIZACIÓN NÚCLEO DE SESTELO, RARÍS (POS+2019) (O-7/2020)”.**
- 9.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
- 10.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (Nº 803/2020) DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.<sup>a</sup> IRIA OTERO ROMERO E D.<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 9 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Considerando que, tras a celebración das eleccións locais do 26 de maio de 2019 e constituída o 15 de xuño a nova Corporación, por esta Alcaldía ditáronse, entre outros, para proceder ao

establecemento da nova organización municipal, o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo ás delegacións nas/os concelleiras/os (res. 524/19) e o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo á constitución da Xunta de Goberno Local, nomeamento dos seus membros e delegación de competencias na mesma (res. 522/19), modificado por Decreto da mesma data (res. 526/2016).

Considerando que, mediante o citado Decreto do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019), fíxose a delegación de atribucións nas/os concelleiras/os, delegándose en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero as atribucións relativas a mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, e en D.<sup>a</sup> María López Álvarez as atribucións relativas a lingua e mocidade, ambas sen facultades resolutorias, e coa facultade de dirixir e xestionar os servizos recollidos no Decreto citado.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019, acordou aprobar, entre outras, a dedicación exclusiva da concellería de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

Tomando en consideración as necesidades de xestión do goberno municipal para o próximo exercicio e a dispoñibilidade persoal das concelleiras e dos concelleiros que conforman o goberno municipal.

Considerando o disposto, en canto ao réxime de delegacións, nos artigos 5.3, 6 e 7 do Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (en adiante, ROM), artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora da bases do réxime local (en adiante, LRBRL), e artigos 114 e 120 do RD 2586/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante, ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LALGA).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero das atribucións de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, dando lugar á perda da dedicación exclusiva con que conta dita concellería, e revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> María López Álvarez das atribucións de lingua e mocidade.

**Segundo.**- Delegar en D.<sup>a</sup> María López Álvarez as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias, dando lugar á retribución por dedicación exclusiva con que conta dita concellería.

Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Mobilidade

Transporte

Teobús

Camiños escolares

Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

Comercio e Turismo

Axencia de desenvolvemento Local

Emprego

Información e orientación laboral

Xestión ETC de Solláns

Obradoiros de emprego

Igualdade

CIM

Prevenición da violencia de xénero

Promoción da diversidade

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Terceiro.**- Delegar en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias.

Lingua e Mocidade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Lingua

Aplicación da ordenanza de normalización

Promoción do galego na administración

Promoción social do idioma

Mocidade

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Cuarto.**- Conservar o réxime de delegacións efectuado mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019) agás o previsto, nos termos do presente, para D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero e D.<sup>a</sup> María López Álvarez.

**Quinto.**- O presente Decreto surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar ás concelleiras afectadas aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF, que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do/a delegado/a, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.**- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno local e ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Sétimo.**- Notifíquese o presente aos interesados, dar traslado a todos os departamentos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente Resolución.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero das atribucións de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, dando lugar á perda da dedicación exclusiva con que conta dita concellería, e revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> María López Álvarez das atribucións de lingua e mocidade.

**Segundo.**- Delegar en D.<sup>a</sup> María López Álvarez as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias, dando lugar á retribución por dedicación exclusiva con que conta dita concellería.

**Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade,** coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

**Mobilidade**

Transporte

Teobús

Camiños escolares

Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

**Comercio e Turismo**

Axencia de desenvolvemento Local

**Emprego**

Información e orientación laboral

Xestión ETC de Solláns

Obradoiros de emprego

**Igualdade**

CIM

Prevenção da violencia de xénero

Promoción da diversidade

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Terceiro.-** Delegar en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias.

**Lingua e Mocidade,** coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

**Lingua**

Aplicación da ordenanza de normalización

Promoción do galego na administración

Promoción social do idioma

**Mocidade**

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Cuarto.-** Conservar o réxime de delegacións efectuado mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019) agás o previsto, nos termos do presente, para D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero e D.<sup>a</sup> María López Álvarez.

**Quinto.-** O presente Decreto surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar ás concelleiras afectadas aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF, que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do/a delegado/a, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.-** Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno local e ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Sétimo.-** Notifíquese o presente aos interesados, dar traslado a todos os departamentos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no

**Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente Resolución.**

## **2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 23/2019.**

Escrito presentado por Lucia Señoráns Rivas, en data 8 de setembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 20200000004000, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 23/2019, xuntando escritura pública de data sete de outubro de 2019, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019, a Lucia Señoráns Rivas para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2019/U022/000011), en rúa Muiño de Mondelo, nº 1, Ameneiro, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508016430000SF, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 87,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro.**- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data sete de outubro de 2019, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 87,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 23/2019.

**Segundo.**- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019 (Lic. 23/2019).

**Terceiro.**- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 10/2020:**

Escrito presentado por Irene Calvo Mosquera, en data 8 de setembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 20200000004009, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 545/2020), de data 18 de xuño de 2020.



Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de febreiro de 2020, a Irene Calvo Mosquera, para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, en Seoane, nº 16, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006600000SP, (Expte. electrónico 2019/U022/000046), coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 54,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo sita na zona de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de cincuenta e catro metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 962, libro: 375, folio 212, data: 4 de setembro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001124226.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de dous de xuño de 2020, do notario Manuel Remuñán López, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 17 de febreiro de 2020, expte. 10/2020.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de febreiro de 2020, a Irene Calvo Mosquera, para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, en Seoane, nº 16, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006600000SP, (Expte. electrónico 2019/U022/000046).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

#### **4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

**4.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A (rex. entrada nº 202099900000972 do 10/07/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 17 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

#### ***“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO***

*Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 10 de xullo de 2020 (rex. entrada nº 202099900000972), para que se lle outorgue autorización para a*

*ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado na rúa Concepción Arenal, nº 20, S/R.: GDE 41020060002.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 4082, de 11/09/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-24/2020) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado na rúa Concepción Arenal, nº 20, S/R.: GDE 41020060002, de acordo co solicitado con data de 10 de xullo de 2020 (rex. entrada nº 202099900000972).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

***Primeiro.-*** ***Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-24/2020) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado na rúa Concepción Arenal, nº 20, S/R.: GDE 41020060002, de acordo co solicitado con data de 10 de xullo de 2020 (rex. entrada nº 202099900000972).***

**Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

**4.2.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A (rex. entrada nº 202099900001196 do 13/08/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 17 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

**“PROPOSTA CONCELEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 13 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202099900001196), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 24, Calo, S/R.: GDE 41020070001.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalacións de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 4081, de 11/09/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-27/2020) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 24, Calo, S/R.: GDE 41020070001, de acordo co solicitado con data de 13 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202099900001196).*

**Segundo.**- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.*”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro.**- Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-27/2020) para poder levar a cabo unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Cesar, nº 24, Calo, S/R.: GDE 41020070001, de acordo co solicitado con data de 13 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202099900001196).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

## **5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS A D.<sup>a</sup> VICTORIA PIÑEIRO VIDAL.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada por D<sup>a</sup>Victoria Piñeiro Vidal (nº256 de data 10/03/2020), pola que solicita a devolución do importe aboado en exceso en concepto de taxa por licenza urbanística por importe de 359,12€.

Tendo en conta o informe de intervención de data 15/09/2020 segundo o cal o ingreso se realizou en exceso, procedendo a devolución do importe requerido.

Considerando o disposto nos artigos 221.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e o artigo 2 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas .

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Estimar a petición formulada pola interesada e proceder a devolución do importe reclamado de 359,12€ da licenza urbanística xa que se pagou dúas veces.

**Segundo.**- Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos, así como aos servizos económicos e urbanísticos municipais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Estimar a petición formulada pola interesada e proceder a devolución do importe reclamado de 359,12€ da licenza urbanística xa que se pagou dúas veces.

**Segundo.**- Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos, así como aos servizos económicos e urbanísticos municipais.

## **6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

### **6.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JESÚS PINO MÍGUEZ.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 7 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data por D.Jesús Pino Míguez, de devolución da garantía de obra de construción de vivenda unifamiliar en Cesar nº21 Calo.

Visto o informe do técnico municipal, de data 27/08/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 07/09/2020 , favorable á devolución.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D.Jesús Pino Míguez para obra de construción de vivenda unifamiliar en Cesar nº21 Calo , por importe de **2.867,46€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D.Jesús Pino Míguez para obra de construción de vivenda unifamiliar en Cesar nº21 Calo , por importe de **2.867,46€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.

## **6.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. FRANCISCO MONTOTO VEIRA.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Vista a solicitude presentada en data 29/06/2020 por D. Francisco Montoto Veira, en nome e representación da empresa ATENDO CALIDADE SL, por medio da cal solicita a devolución da garantía constituída para o contrato de servizo de axuda no fogar.

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 08/09/2020.

E, en aplicación do artigo artigo 111 da Lei 9/2017, LCSP, así como o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

**Propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía por importe de 32.301,00€, constituídas pola empresa ATENDO CALIDADE SL, correspondente ao contrato de servizo de axuda no fogar e devolución da mesma ao interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo ao interesado, así como á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.”

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro.**- Autorizar a cancelación da garantía por importe de 32.301,00€, constituídas pola empresa ATENDO CALIDADE SL, correspondente ao contrato de servizo de axuda no fogar e devolución da mesma ao interesado.

**Segundo.**- Dar conta do presente acordo ao interesado, así como á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.

**7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN “SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020)”.**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de setembro de 2020 que se recolle a continuación:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** PROPOSTA ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) (O-10/2020).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de febreiro de 2020 polo que, en relación ao expediente de contratación SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO (POS+ 2019) motivase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar a acta de reformulo do proxecto, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+ADICIONAL 1/2019.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 06 de xullo de 2020, polo que se acorda aprobar o expediente de contratación (Núm. O-10/2020), aprobar o prego, aprobar o gasto e proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación correspondente.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público en data 16 de xullo de 2020, presentáronse á licitación as seguintes empresas:

ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

ANTONIO FILLOY,S.A.

ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.

ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.

AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS S.L.

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.  
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.  
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.  
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.  
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.  
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L  
CYS HISPANIA S.L.  
CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L  
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L  
COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.  
CTNE. J. MAURI E HIJOS, S.L.  
DESMACO SLU  
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.  
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.  
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.  
EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.  
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.  
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.  
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.  
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U  
GESTAL Y LÓPEZ S.L.  
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.  
HORDESCON, S.L.  
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.  
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.  
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.  
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.  
NAROM S.L.  
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.  
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.  
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.



PROYECON GALICIA,S.A.

REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.

ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.

SERGONSA SERVICIOS, S.L.

SYR-AMG, S.L.

SONDEOS PORZUNA, S.L.

VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL

VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Considerando que a mesa de contratación, na sesión celebrada o 11 de agosto de 2020, procede ó “acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente” e acorda admitir aos seguintes licitadores:

ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

ANTONIO FILLOY,S.A.

ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.

ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.

AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS S.L.

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.

CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.

CONSTRUCCIONES RAFER S.L.

CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

CYS HISPANIA S.L.

CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L

COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

CTNE. J. MAURI E HIJOS, S.L.

DESMACO SLU

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.  
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.  
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.  
EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.  
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.  
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.  
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.  
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U  
GESTAL Y LÓPEZ S.L.  
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.  
HORDESCON, S.L.  
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.  
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.  
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.  
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.  
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.  
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.  
PROYECON GALICIA,S.A.  
ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.  
SERGONSA SERVICIOS, S.L.  
SYR-AMG, S.L.  
SONDEOS PORZUNA, S.L.  
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL  
VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.  
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Do mesmo xeito considera que **procede admitir provisionalmente aos seguintes licitadores**, concedéndolles un **prazo de tres días** para que subsanen as deficiencias que se lles indican:

CONSTRUCCIONES VALE, S.L  
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L  
REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.

A mesa considera que procede excluír ao licitador NAROM SL ao presentar unha oferta que non permite identificar a intención do licitador en canto ao prezo, xa que logo non se corresponde o prezo ofertado co IVE e co total : 195.573,85 €+ 41.071,14 € IVE=236.647,99 €, polo que a oferta presenta incongruencias que non permiten determinar á mesa cal é o prezo ofertado.

Considerando que na sesión celebrada o 11 de agosto de 2020, vistas as ofertas presentadas polos licitadores, a mesa de contratación acorda efectuar a avaliación e clasificación dos licitadores admitidos e non excluídos que abaixo se transcribe:

	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
1	SYR-AMG, S.L.	152.257,42	100,00
2	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L	154.685,88	98,95
3	CYS HISPANIA S.L	156.148,14	98,33
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	156.148,15	98,33
5	EXCAVACIONES OVIDIO, S.L	156.409,26	98,21
6	CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	156.957,61	97,98
7	BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	157.717,32	97,65
8	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	157.900,00	97,57
9	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	158.889,88	97,14
10	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	159.098,67	97,06
11	SONDEOS PORZUNA, S.L.	159.829,90	96,74
12	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	160.587,14	96,41
13	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	162.441,07	95,62
14	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L	163.426,30	95,19



	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
15	ANTONIO FILLOY,S.A.	163.981,65	94,95
16	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	166.175,05	94,01
17	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	166.863,39	93,72
18	VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.	167.433,65	93,47
19	GESTAL Y LÓPEZ S.L.	169.595,69	92,54
20	OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	169.674,02	92,50
21	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L	173.120,77	91,02
22	PROYECON GALICIA,S.A.	175.885,00	89,83
23	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	176.526,00	89,56
24	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	176.959,19	89,37
25	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	180.512,40	87,84
26	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A	181.886,00	87,24
27	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	182.468,77	87,00
28	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.	183.304,34	86,64
29	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	183.887,72	86,39
30	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	187.560,56	84,80
31	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	187.743,34	84,72
32	DESMACO SLU	187.821,67	
33	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	187.868,45	84,67
34	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	188.004,45	84,61
35	CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L	188.050,15	84,59
36	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS S.L.	191.378,48	83,16

	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
37	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO,S.L.	198.300,00	80,18
38	REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.	201.609,54	78,76
39	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	205.995,44	76,87
40	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	206.800,00	76,52
41	HORDESCON, S.L.	207.144,35	76,37
42	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	208.032,15	75,99
43	EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	209.416,07	75,40
44	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	210.199,42	75,06
45	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	217.000,00	72,14
46	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L	224.871,90	64,77

Na mesma mesa en data 11 de agosto de 2020 acórdase requirir as seguintes empresas para que xustifiquen a baixa da súa oferta de acordo co indicado no PCAP:

BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.

CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

CYS HISPANIA S.L

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L

CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.

EXCAVACIONES OVIDIO, S.L

GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

SYR-AMG, S.L.

SONDEOS PORZUNA, S.L.

O 01 de setembro de 2020 réunese de novo a mesa de contratación para celebrar o acto “subsana-  
ción”, acordando admitir definitivamente aos licitadores seguintes por entender que subsanaron a  
documentación segundo o requirimento:

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.

Na mesma sesión de 01 de setembro de 2020 a mesa de contratación celebra o acto “justificación  
de oferta anormalmente baixa”, no que se da conta do informe dos servizos técnicos municipais de  
data 31 de agosto de 2020 que conclúe:

*“Á vista da documentación presentada polas empresas*

- *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.*
- *J MAURI E HIJOS S.L.*
- *SONDEOS PORZUNA, S.L.*
- *BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.*
- *MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.*
- *EXCAVACIONES OVIDIO*

*e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o procedemento  
aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas no proxecto de “SENDA  
PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO” este técnico  
entende que a empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. xustifica a oferta de ca-  
rácter desproporcionado ou anormal.*

*O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a cal-  
quera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule  
en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vi-  
xente da actuación pretendida.”*

A mesa de contratación, á vista da documentación presentada polas empresas requiridas a elo e o  
informe dos servizos técnicos municipais de data 31 de agosto de 2020, acorda propoñer a exclusión

da licitación, por non xustificar adecuadamente a oferta de carácter desproporcionado ou anormal, ás seguintes empresas:

J MAURI E HIJOS S.L.

SONDEOS PORZUNA, S.L.

BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

EXCAVACIONES OVIDIO

A mesa de contratación, á vista, acorda excluír da licitación, por non presentar documentación xustificativa da oferta de carácter desproporcionado ou anormal, a CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

CYS HISPANIA S.L

GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

SYR-AMG, S.L.

A mesa de contratación, á vista da documentación presentada polas empresas requiridas a elo e o informe dos servizos técnicos municipais de data 31 de agosto de 2020, acorda admitir, por entender que xustifica a súa oferta, a CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.

Na sesión do 01 de setembro celébrase o acto “propuesta de adjudicación” e a mesa de contratación acorda manter a avaliación e clasificación realizada na sesión de data 11 de agosto de 2020, excluindo aos licitadores que non xustificaron correctamente as súas ofertas cualificadas como desproporcionadas ou anormais e outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas e non excluídas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
1	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L	154.685,88	98,95

	<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA</b>
2	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	160.587,14	96,41
3	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	162.441,07	95,62
4	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	163.426,30	95,19
5	ANTONIO FILLOY,S.A.	163.981,65	94,95
6	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	166.175,05	94,01
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	166.863,39	93,72
8	VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.	167.433,65	93,47
9	GESTAL Y LÓPEZ S.L.	169.595,69	92,54
10	OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	169.674,02	92,50
11	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L	173.120,77	91,02
12	PROYECON GALICIA,S.A.	175.885,00	89,83
13	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	176.526,00	89,56
14	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	176.959,19	89,37
15	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	180.512,40	87,84
16	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A	181.886,00	87,24
17	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	182.468,77	87,00
18	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.	183.304,34	86,64
19	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	183.887,72	86,39
20	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	187.560,56	84,80
